



**RÚA
DAS
EMOCIÓN
Nº 7**

No mundo existen cidades semellantes,
con rúas e edificios moi parecidos.




Nelas vive xente tamén moi parecida, aínda que algúns sexan negros e outros brancos, altos ou baixos, gordos ou delgados, ricos ou pobres.



Esta é a historia dunha rúa calquera, dun edificio calquera e dos veciños que viven nela.






A Don Xeneroso Pérez,
sempre lle gustou vivir no
1º A, porque así todos os
veciños cando soben ou
baixan, sempre paran un
ratiño na súa casa . A Don
Xeneroso, encántalle dar
caramelos aos rapaces.




Sempre esta disposto a prestar todo o que lle piden os demais veciños. Colabora coa protectora de animais e coa xente que o necesita.



Dona Medorenta Suárez, a veciña do 1º B, asústase por calquera cousa. Cando estala unha tormenta, escóndese debaixo da cama. Tan pronto ve unha araña ou un rato sóbese enriba dunha cadeira e empeza a berrar.



Polas noites o seu piso sempre ten as luces prendidas, porque dálle pánico a escuridade.





Dona Alegre Rodríguez. Vive
no 2º A.
Sempre está contenta, non hai
baile nin festa onde non vaia
de troula. Sempre está rindo e
de bo humor.






**Encántalle cantar, bailar, xogar cos nenos e saír coas amigas.
Encántanlle os días de sol e tamén os de chuvia.**

O 2º B, é a casa de Don Egoísta Álvarez.

Nunca invita aos veciños a súa casa, cree que sempre lle van pedir algo. Pensa que é o mellor do edificio, e non fai nada si non vai sacar proveito.



Nunca fai un favor, nin axuda aos demais, si non lle dan algo a cambio. Na última festa de veciños comeu toda a torta sen deixar nada para os demais.







No 3º A, vive Don Triste
Fernández.
Sempre está triste, e chora por
calquera cousa.
Chora vendo as películas da
televisión, escoitando a radio e
lendo libros de aventuras.



Os chistes non o fan rir. Chora porque os veciños non
contan con el para ir de festa. Chora si fai sol, porque fai
moito calor. Chora si chove, porque se molla





Don Ira - furioso Martínez é o propietario do 3º B.

Os veciños teñen que ter moito coidado con el, enfádase e berra por calquera cousa. É unha persoa moi peculiar.

Enfádase cando os nenos saen a xogar ao fútbol, porque di que fan moito barullo.

Berra e golpea co seu bastón cando hai algunha festa no edificio. Ponse furioso e incluso algo agresivo si algún veciño esquece baixar o lixo ao colector.

Moléstanlle as risas, a música e as festas.





No 4º A vive Don Asco García.
Comprou o último piso do edificio
porque, como non hai ascensor, así
os veciños soben menos a molestalo.



É un home, o que todo dálle asco. Danlle asco as mans dos nenos todas manchadas de caramelos e chupa-chús



Danlle asco os cueiros e a colonia dos bebés. A maioría dos animais. Non soporta o cheiro das comidas A verdade é que danlle asco un montón de cousas.



Dona Sorpresa Vázquez vive
no 4º B.

É unha muller moi, moi
especial.

Sobresaltase e asómbrase
por calquera cousa. Cando
algo a sorprende, abre os
ollos e a boca moito, empeza
a dar saltiños, e tanto pode
rir como chorar.





Sorpréndese si lle fas unha visita sen avisar antes. Si cando está baixando as escaleiras aparece algún veciño. Si alguén a invita a pasear ou ir o cine.

Cando hai reunións de veciños nunca se poñen de acordo.

Uns queren pintar o edificio de cor claro, e outros de cor escuro.

Uns queren colocar o ascensor os outros non.

Hai quen quere facer festas, e quen non.



Este edificio e os seus veciños son como calquera outro.. Son como a vida mesma.

Os seus veciños, discuten, xogan, berran, gozan, fanse favores, axúdanse,...

Pero o máis importante,.... é que non poden vivir uns sen os outros.



S1631013 PFPP 2016/2017

EDUCACIÓN EMOCIONAL E SOCIAL CON
ALUMNADO CON N.E.A.E

15027745 - CEE A Barcia

Recoñecemento, NonComercial-SinObraDerivada 4,0 Internacional

